



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2024

En Laxe, sendo as 14:00 horas do 11 de setembro de 2024, reúnen-se, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS)

Actúa como secretaria-interventora Dona Begoña Carrasco García.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

1.- Resolución reclamacións contra á aprobación inicial do presuposto de 2024. Expte. núm. 2024/T004/000001.

Dase conta da seguinte proposta:

“Expediente n.º: 2024/T004/000001

Procedemento: PRESUPOSTO XERAL DO CONCELLO DE LAXE PARA O 2024

Documento firmado por: Alcaldía

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PRESUPOSTO XERAL DO CONCELLO DE LAXE PARA O 2024

Por acordo plenario celebrada o día 18 de xullo de 2024 aprobose inicialmente o orzamento xeral para o exercicio 2024, as bases para a súa execución así como o cadro de persoal.

O expediente espúxose ao público na Secretaría-Intervención deste Concello polo prazo de quince días hábiles comprendidos entre o día 26 de xullo e o 19 de agosto de 2024, ámbolos dous inclusive, co fin de que os interesados pudesen realizar as reclamacións que estimaran oportunas.

Segundo consta no certificado de exposición pública expedido pola secretaria municipal o día 6 de setembro de 2024, dentro do prazo de exposición pública se presentou unha alegación polo concelleiro don Fernando del Moral Regaldíe.

Visto o informe de secretaria-intervención de data 6 de setembro de 2024 sobre as alegacións presentadas.

Visto o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Desestimar a alegación presentada polo concelleiro don Fernando del Moral Regaldíe en relación co expediente de aprobación do presuposto municipal para 2024..

SEGUNDO. Aprobar definitivamente o orzamento xeral para o exercicio 2024, que ascende en gastos ao importe de tres millóns trinta e seis mil douscentos corenta e un con vinteseite euros



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

(3.036.241,27 euros) e en ingresos ao importe de (3.158.140,16 euros), resultando que se elaborou con superávit, cuxo resume por capítulos é o seguinte:

PREVISIÓNS DE INGRESOS	DE		PREVISIÓNS DE GASTOS	
CAPÍTULO 1 IMPOSTOS DIRECTOS		838.868,52	CAPÍTULO 1 GASTOS DE PERSOAL	1.065.980,09
CAPÍTULO 2 IMPOSTOS INDIRECTOS		60.000,00	CAPÍTULO 2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.573.994,16
CAPÍTULO 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS		530.670,01	CAPÍTULO 3 GASTOS FINANCEIROS	5.600,00
CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES		1.445.888,45	CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	39.395,00
CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS		2.646,53	CAPÍTULO 5 FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS.	70.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES INGRESOS		2.878.073,51	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES GASTOS	2.754.969,25
CAPÍTULO 6 ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS		500,00	CAPÍTULO 6 INVERSIÓNS REAIS	278.267,02
CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL		276.561,65		
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		277.061,65	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	278.267,02
CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS		3.005,00	CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS	3.005,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		3.005,00	TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS	3.005,00
TOTAL		3.158.140,16	TOTAL	3.036.241,27

TERCEIRO. Aprobar asemade as bases de execución do devandito orzamento.

CUARTO. Aprobar o cadro de persoal que se xunta como anexo ao orzamento desta entidade para o ano 2024.

QUINTO. Notificar este acordo ao concelleiro don Fernando del Moral Regaldíe.

SEXTO. Publicar o anuncio de aprobación definitiva do presuposto municipal de 2024 no Boletín Oficial da Provincia insertando o resume por capítulos.

SÉTIMO. Remitir copia aos órganos competentes da Administración do Estado e da Xunta de Galicia."

Aberto o debate o sr. alcalde explica os motivos polos cales deberíanse inadmitir as reclamacións presentadas, xa que non se corresponden coas causas establecidas na normativa.

Intervén Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODEMOS mostra discorformidade coa explicación e entende que son presupostos pouco participativos, sen consulta aos partidos da oposición, tamén manifesta a súa disconformidade a tratar este asunto nun pleno extraordinario. Afirma que o motivo da reclamación e abrir o PAI. Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG recomenda ao equipo de goberno que falen coa concelleira de Política Social para o financiamento do PAI.

Contesta o sr. alcalde que xa se tivo unha reunión coa consellería e que non van subvencionar persoal, e que a interposición da reclamación é para retrasar a acción do goberno. En canto ao PAI di o sr. alcalde que a intención do grupo de goberno é abrillo.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Fernando del Moral Regaldíe integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODE, indica que o retraso na tramitación do presuposto non é a súa culpa, e que as súas xestións como cargo público non poden coartarse.

Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG desexa que se lles invite para a elaboración do presuposto e diindica que a Deputación, a través do POS deixa opción para financiar o PAI.

O sr. alcalde comenta que o POS empregouse para o SAF.

Por último o concelleiro Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE non entende o superavit no orzamento e di que as administracións non poden ter superávit.

O sr. alcalde contéstalle que non se pode ter déficit pero si superávit.

Non habendo mais intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Eulogio Constantino Castiñeira, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo).

VOTOS EN CONTRA: 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS).

ABSTENCIÓNS: 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja).

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Desestimar as alegación presentada polo concelleiro don Fernando del Moral Regaldíe en relación co expediente de aprobación do presuposto municipal para 2024.

SEGUNDO. Aprobar definitivamente o orzamento xeral para o exercicio 2024, que ascende en gastos ao importe de tres millóns trinta e seis mil douscentos corenta e un con vintese euros (**3.036.241,27 euros**) e en ingresos ao importe de (**3.158.140,16 euros**), resultando que se elaborou con superávit, cuxo resume por capítulos é o seguinte:

PREVISIÓNS DE INGRESOS	DE		PREVISIÓNS DE GASTOS	
CAPÍTULO 1 IMPOSTOS DIRECTOS		838.868,52	CAPÍTULO 1 GASTOS DE PERSOAL	1.065.980,09
CAPÍTULO 2 IMPOSTOS INDIRECTOS		60.000,00	CAPÍTULO 2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.573.994,16
CAPÍTULO 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS		530.670,01	CAPÍTULO 3 GASTOS FINANCEIROS	5.600,00
CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES		1.445.888,45	CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	39.395,00
CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS		2.646,53	CAPÍTULO 5 FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS.	70.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES INGRESOS		2.878.073,51	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES GASTOS	2.754.969,25
CAPÍTULO 6 ENAXENACIÓN DE INVERSIÓNS		500,00	CAPÍTULO 6 INVERSIÓNS REAIS	278.267,02
CAPÍTULO 7		276.561,65		



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	277.061,65	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	278.267,02
CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS	3.005,00	CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS	3.005,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	3.005,00	TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS	3.005,00
TOTAL	3.158.140,16	TOTAL	3.036.241,27

TERCEIRO. Aprobar asemade as bases de execución do devandito orzamento.

CUARTO. Aprobar o cadro de persoal que se xunta como anexo ao orzamento desta entidade para o ano 2024.

QUINTO. Notificar este acordo ao concelleiro don Fernando del Moral Regaldíe.

SEXTO. Publicar o anuncio de aprobación definitiva do presuposto municipal de 2024 no Boletín Oficial da Provincia insertando o resume por capítulos.

SÉTIMO. Remitir copia aos órganos competentes da Administración do Estado e da Xunta de Galicia.”

2.- Aprobación da conta xeral de 2023. Expte. núm. 2024/T017/000001.

Dase conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DE 2023

Dase conta seguidamente do estado de tramitación do expediente incoado para a aprobación, se procede, da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2023, e nomeadamente do ditame previo favorable emitido pola Comisión Informativa Especial de Contas de 5 de xullo de 2024, e da súa exposición ao público mediante o anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 133, de 11 de xullo de 2024, sen que se presentasen ao efecto reclamacións.

A vista do disposto nos artigos 212 e 223, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais – aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación á Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2023 nos termos da súa redacción.

Segundo.- Remisión da devandita Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, de conformidade coa lexislación vixente.”

Intervén Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODEMOS considera que se fixo unha xestión inadecuada polo que vai votar en contra.

O concelleiro Francisco José Vidal Castro integrante do Grupo Mixto e representante de PSdeG-PSOE manifesta que vai votar en contra.

Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG, maniféstase a favor para evitar que se reteñan os impostos, xa que a situación sería caótica.

Non habendo mais intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Eulogio Constantino Castiñeira, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo) e 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja)]

VOTOS EN CONTRA: 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)

ABSTENCIÓNS: 0



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación á Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio de 2023 nos termos da súa redacción.

Segundo.- Remisión da devandita Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, de conformidade coa lexislación vixente. “

3.- Ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 573/2024, do 02/08/2024 en canto á adhesión á central de contratación da Fegamp, para a contratación dos servizos postais e telegráficos. Expte. núm. 2024/C004/000001.

Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 573/2024, do 02/08/2024, en canto á adhesión á central de contratación da FEGAMP, para a contratación dos serizos postais e telegráficos.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, quedando ratificada a dita resolución por unanimidade.

4.- Aprobación da convalidación da omisión da función interventora do Expte. OFI 14/2024, recoñecemento e pago de facturas. Expte. núm. 2024/X998/000224.

Dase conta da seguinte proposta:

*“PROPOSTA SOBRE A CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 14/2024 E RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 9/2024.
EXP. Nº: 2024/X998/000224*

ANTECEDENTES:

Proposta de alcaldía de data 26/08/2024.

Solicitude de intervención ao xestor sobre os motivos da omisión da función interventora 05/09/2024.

Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas, asinado por esta Alcaldía o día 06/09/2024.

Informe de omisión de fiscalización, asinado pola Secretaría-intervención o 06/09/2024, conforme ao art. 28 do RD 424/2017 de 28 de abril.

NORMATIVA APLICABLE:

- Artigos 47, 48, 52, 106 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo cal se regula o Réxime Xurídico de Control Interno nas entidades do Sector Público Local

CONSIDERACIÓNS:

1.- Dispón o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril que si o órgano interventor ao coñecer dun expediente obsérvase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, co fin de que, unido este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir si continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.

Nos casos nos que a omisión da fiscalización previa refírase ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno si continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan.

2.- Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuízo aos provedores e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o servizo foi efectivamente prestado, servizo que se considera esencial para o adecuado funcionamento do conxunto dos servizos públicos. Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado, segundo informe de Alcaldía de data 06/09/2024.

Advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.

Por outra banda, de acordo ao previsto no artigo 110 da Lei 39/2015, esta alcaldía entende que non procedería instar a revisión de oficio, dado que esta resultaría contraria á equidade, á boa fe, aos dereitos dos particulares ou ás leis.

Considerando que no momento deste recoñecemento existe crédito nas partidas presupuestarias afectadas do orzamento prorrogado de 2022 para o 2024, dacordo cos antecedentes e fundamentos de dereito indicados, en virtude dos artigos 52 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e facendo uso das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer extraxudicialmente as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.	Fecha Conformada
F/2024/517	24/04/2024	RE24326001907357	22/03/2024	302,51	CO	A08431090	NATURGY IBERICA S.A.	ENERGIA ELECTRICA PERIODO 01/12/2023 - 31/12/2023 ALUMBRADO APLAZADOIRO 723 BJ	2024 165 22100	30/04/2024
F/2024/520	24/04/2024	RE24326001907354	22/03/2024	251,98	CO	A08431090	NATURGY IBERICA S.A.	ENERGIA ELECTRICA PERIODO 01/09/2023 - 30/09/2023 ALUMBRADO APLAZADOIRO 723 BJ	2024 165 22100	30/04/2024
F/2024/521	24/04/2024	RE24326001907355	22/03/2024	270,88	CO	A08431090	NATURGY IBERICA S.A.	ENERGIA ELECTRICA PERIODO 01/10/2023 - 31/10/2023 ALUMBRADO APLAZADOIRO 723	2024 165 22100	30/04/2024
F/2024/522	24/04/2024	RE24326001907356	22/03/2024	291,44	CO	A08431090	NATURGY IBERICA S.A.	ENERGIA ELECTRICA PERIODO 01/11/2023 - 30/11/2023 ALUMBRADO APLAZADOIRO 723	2024 165 22100	30/04/2024
F/2024/742	06/06/2024	RE24137000075714	20/05/2024	111,48	CO	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A	Rect. FE23137026511572 ENERGIA ELECTRICA PERIODO 13/09/23 AL 15/11/23 ALUMBRADO LOURIDO 9201	2024 165 22100	11/06/2024
F/2024/743	06/06/2024	RE24137000075715	20/05/2024	119,74	CO	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A	Rect. FE24137001304852 ENERGIA ELECTRICA PERIODO 15/11/23 AL 11/01/2024 ALUMBRADO LOURIDO 9201	2024 165 22100	11/06/2024

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos.”

Intervén Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODEMOS non ten nada novo que dicir ao respecto dos anteriores expedientes de recoñecemento extraxudiciais de créditos.

Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE, puntualiza que o grupo de goberno está convertindo esta figura en algo habitual cando debería ser extraordinario, fai referencia ao informe de secretaría-intervención e considera que é un fraude de lei. Entende que o informe de alcaldía é inexcusable e entende que é prevaricación. Por último recomenda acudir á Deputación no caso de non ter persoal suficiente.

O sr. alcalde manifesta que obrigatoriamente ten que tramitarse a través dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Non habendo mais intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Eulogio Constantino Castiñeira, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo)

VOTOS EN CONTRA: 5 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer extraxudicialmente as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.	Fecha Conformada
F/2024/517	24/04/2024	RE24326001907357	22/03/2024	302,51	CO	A08431090	NATURGY IBERICA S.A.	ENERGIA ELECTRICA PERIODO 01/12/2023 - 31/12/2023 ALUMBRADO APLAZADOIRO 723 BJ	2024 165 22100	30/04/2024
F/2024/520	24/04/2024	RE24326001907354	22/03/2024	251,98	CO	A08431090	NATURGY IBERICA S.A.	ENERGIA ELECTRICA PERIODO 01/09/2023 - 30/09/2023 ALUMBRADO APLAZADOIRO 723 BJ	2024 165 22100	30/04/2024
F/2024/521	24/04/2024	RE24326001907355	22/03/2024	270,88	CO	A08431090	NATURGY IBERICA S.A.	ENERGIA ELECTRICA PERIODO 01/10/2023 - 31/10/2023 ALUMBRADO APLAZADOIRO 723	2024 165 22100	30/04/2024
F/2024/522	24/04/2024	RE24326001907356	22/03/2024	291,44	CO	A08431090	NATURGY IBERICA S.A.	ENERGIA ELECTRICA PERIODO 01/11/2023 - 30/11/2023 ALUMBRADO APLAZADOIRO 723	2024 165 22100	30/04/2024
F/2024/742	06/06/2024	RE24137000075714	20/05/2024	111,48	CO	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A	Rect. FE23137026511572 ENERGIA ELECTRICA PERIODO 13/09/23 AL 15/11/23 ALUMBRADO LOURIDO 9201	2024 165 22100	11/06/2024
F/2024/743	06/06/2024	RE24137000075715	20/05/2024	119,74	CO	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A	Rect. FE24137001304852 ENERGIA ELECTRICA PERIODO 15/11/23 AL 11/01/2024 ALUMBRADO LOURIDO 9201	2024 165 22100	11/06/2024

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos.

5.- Aprobación da convalidación da omisión da función interventora do Expte. OFI 15/2024, recoñecemento e pago de facturas. Expte. núm. 2024/X998/000227.

Dase conta da seguinte proposta:

*“PROPOSTA SOBRE A CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 15/2024
EXP. Nº: 2024/X998/000227*

ANTECEDENTES:

Proposta de alcaldía de data 26/08/2024.

Solicitud de intervención ao xestor sobre os motivos da omisión da función interventora 02/09/2024

Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas, asinado por esta Alcaldía o día 03/09/2024.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Informe de omisión de fiscalización, asinado pola Secretaría-intervención o 03/09/2024, conforme ao art. 28 do RD 424/2017 de 28 de abril.

NORMATIVA APLICABLE:

- Artigos 47, 48, 52, 106 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo cal se regula o Réxime Xurídico de Control Interno nas entidades do Sector Público Local

CONSIDERACIÓNS:

1.- Dispón o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril que si o órgano interventor ao coñecer dun expediente obsérvase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, co fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir si continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.

Nos casos nos que a omisión da fiscalización previa refírase ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno si continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan.

A lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, dispón na súa Disposición Adicional 2ª. Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais.

1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido a os recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

2. Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme o apartado anterior. Así mesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei.

De conformidade co Informe de intervención de data 03/09/2024 o órgano competente sería o Pleno da Corporación por superar os importes indicados na D.A. 2ª parágrafo 1º da Lei contratos do sector Público.

Si tomamos en consideración a facturación do Servizo durante o exercizo de 2023, resulta que o importe do mesmo ascendería a 302.884,46 €. Os recursos ordinarios do orzamento do exercicio 2022 prorrogado para o 2024, ascenden a 2.701.464,84€, polo que o 10% serían 270.146,48€, excedendo por tanto a contía sinalada na Disposición adicional

2ª da Lei de contratos do sector público en canto ao límite para a competencia como órgano de contratación da Alcaldía, correspondendo por tanto ao Pleno da Corporación.

2.- Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuízo aos provedores e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o servizo foi efectivamente prestado, servizo que se considera esencial para o adecuado funcionamento do conxunto dos servizos públicos.

3.- Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado, segundo informe de Alcaldía de data 03/09/2024.

Dacordo cos antecedentes e fundamentos de dereito indicados, en virtude dos artigos 52 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e facendo uso das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer extraxudicialmente as obrigas correspondentes á seguinte



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.	Fecha Conformada
F/2024/967	11/07/2024	01 116	11/07/2024	3965,5	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XUNO 2024 LIBRE CONCURRENCIA	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	16/07/2024
F/2024/968	11/07/2024	01 115	11/07/2024	27250,32	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. XUNO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	16/07/2024
F/2024/1119	16/08/2024	01 134	16/08/2024	4427,5	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XULLO 2024 / HORAS EN DIAS LABORAIS	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	21/08/2024
F/2024/1120	16/08/2024	01 133	16/08/2024	30292,81	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. XULLO 2024 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS E	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	21/08/2024

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos."

A concelleira do BNG Cristina Vázquez del Prisco, indica a necesidade de licitar o servizo e indica que ten que financiarse pola Xunta.

O sr. alcalde di que se está traballando no contrato ao tempo que sinala as dificultades na tramitación ao non contar nestes momentos co técnico de intervención familiar e a necesidade de darlle respota ao servizo no día a día.

O concelleiro Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante de PSdeG-PSOE facendo referencia ao informe da Alcaldía di que o feito de ter outro presupuesto máis alto doutra empresa non é excusa para non licitar o servizo.

O sr. alcalde contéstalle que se licitará en canto se poida e que é un contrato complicado.

Non habendo mais intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Eulogio Constantino Castiñeira, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo)

VOTOS EN CONTRA: 5 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldie representante de UNIDAS PODEMOS)]

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer extraxudicialmente as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.	Fecha Conformada
F/2024/967	11/07/2024	01 116	11/07/2024	3965,5	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XUNO 2024 LIBRE CONCURRENCIA	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	16/07/2024
F/2024/968	11/07/2024	01 115	11/07/2024	27250,32	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. XUNO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	16/07/2024
F/2024/1119	16/08/2024	01 134	16/08/2024	4427,5	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XULLO 2024 / HORAS EN DIAS LABORAIS	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	21/08/2024
F/2024/1120	16/08/2024	01 133	16/08/2024	30292,81	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. XULLO 2024 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS E	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	21/08/2024

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos.

6.- Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 10/2024. Expte. núm. 2024/X998/000226.

Dase conta da seguinte proposta:

“Expediente 2024/X998/00226

PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 10/2024

Vista a existencia dunha factura de gastos por importe total de 724,06 euros correspondente a actuacións de exercizos pechados, con rexistro de entrada do exercizo de 2024, que precisa do previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno para poder ser aprobada, tal e como dispón o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.

Considerando que se trata de gastos necesarios para a realización da actividade municipal, que se axustan aos prezos de mercado e que foron prestados a satisfacción desta administración municipal, deben ser aboados pois no caso contrario produciríase un enriquecemento inxusto da administración a costa dun empobrecemento dos provedores dos servizos ou subministros de que se trata na relación de facturas que se somete a aprobación.

Considerando os art. 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada no informe de intervención de reparo nº 16/2024 de data de 6 setembro de 2024.

SEGUNDO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 10/2024 cun importe total de 724,06 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal prorrogado de 2022 para o 2024, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación das obrigas



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

con cargo a partida orzamentaria correspondente:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.
F/2024/166	06/02/2024	1485	09/11/2023	724,06	CO	B15859069	AUTORREPARACIONES FUENTES-TALLERES PEPE	ARREGLO DE TRACTOR MUNICIPAL 6659BHG	2024 1531 21300

O concelleiro Francisco José Vidal Castro di que votará en contra, aínda que neste caso considera que si que se estaría ante un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG manifesta o seu voto favorable debido a que é un proveedor local, indicando que o PP cando estaba na oposición non votaba a favor. Por último manifesta que o grupo de goberno vai bater o récord de expedientes con reparo.

Non habendo mais intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Eulogio Constantino Castiñeira, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo) e 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja)].

VOTOS EN CONTRA: 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS).

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada no informe de intervención de reparo nº 16/2024 de data de 6 setembro de 2024.

SEGUNDO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 10/2024 cun importe total de 724,06 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal prorrogado de 2022 para o 2024, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento, e liquidación das obrigas con cargo a partida orzamentaria correspondente:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.
F/2024/166	06/02/2024	1485	09/11/2023	724,06	CO	B15859069	AUTORREPARACIONES FUENTES-TALLERES PEPE	ARREGLO DE TRACTOR MUNICIPAL 6659BHG	2024 1531 21300

7.- Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal núm. 1 reguladora do imposto sobre bens inmoables (IBI). Expte. núm. 2024/G014/000002.

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:

“Expediente núm.: 2024/G014/000002

Procedemento: Modificación da Ordenanza Fiscal número 1, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmoables

Proposta de alcaldía ao Pleno da Corporación para a aprobación da modificación da ordenanza fiscal número 1, reguladora do imposto sobre bens inmoables

A autonomía dos municipios é proclamada nos artigos 137 e 140 da Constitución Española. Para facela efectiva, o propio texto constitucional recoñece que as facendas locais «deberán dispor dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei atribúe ás Corporacións respectivas».

O artigo 2.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) enumera os recursos que integran as Facendas locais, entre os que se atopan «b) Os tributos propios clasificados en taxas, contribucións especiais e impostos...»

Dentro dos impostos municipais, segundo o artigo 59.1 TRLRFL, o IBI é de exacción obrigatoria para os concellos.

Respecto destes impostos que os concellos deben esixir en todo caso, o artigo 15 TRLRFL recoñece que os municipios poderán establecer os elementos necesarios para determinar as súas cotas tributarias a través das ordenanzas fiscais:

«(...)

2. Respecto dos impostos previstos no artigo 59.1, os concellos que decidan facer uso das facultades que lles confire esta lei en orde á fixación dos elementos necesarios para a determinación das respectivas cotas tributarias, deberán acordar o exercicio de tales facultades, e aprobar as oportunas ordenanzas fiscais.

3. Asemade, as entidades locais exercerán a potestade regulamentaria a que se refire o apartado 2 do artigo 12 desta lei, ben nas ordenanzas fiscais reguladoras dos distintos tributos locais, ben mediante a aprobación de ordenanzas fiscais especificamente reguladoras da xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais.»

O artigo 72.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais (TRLRFL) en canto ao tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóveis dos BICES establece o seguinte:

«2. O tipo de gravame aplicable aos bens inmóveis de características especiais, que terá carácter supletorio, será do 0,6 por cento. Os concellos poderán establecer para cada grupo deles existentes no municipio un tipo diferenciado que, en ningún caso, será inferior ao 0,4 por cento nin superior ao 1,3 por cento.»

No artigo 8 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, enuméranse os grupos de bens inmóveis de características especiais. Neste concello figuran catastrados na actualidade dous bens inmóveis deste tipo.

Este concello ten aprobada e en vigor a ordenanza fiscal número 1, reguladora do imposto sobre bens inmóveis. No seu artigo 2 establécense os Tipos de gravame para os bens inmóveis de natureza urbana e de natureza rústica non prevendo especificamente ningún tipo de gravame para os bens inmóveis de características especiais (BICES).

Considérase necesario que a devandita ordenanza regule o tipo de gravame que se deberá aplicar a estes bens BICES, o cal deberá respectar os límites máximos e mínimos que sinala o artigo 72.2 do TRLRFL. Para elo se debe modificar o artigo 2 da ordenanza fiscal reguladora do imposto no que se establecen os tipos de gravame a aplicar segundo o tipo de ben inmóvil de que se trata.

O artigo 2, Tipos de gravame, unha vez modificado quedaría co seguinte redacción:

“Artigo 2.- Tipo de gravame.

1.- O tipo de gravamen do imposto sobre bens inmóveis aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,5 por 100 (0,5%).

2.-O tipo de gravamen do imposto sobre bens inmóveis aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,65 por 100 (0,65 %).

3.-O tipo de gravamen do imposto sobre bens inmóveis aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1,30 por 100 (1,30 %).”

Por tanto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar provisoriamente a modificación da Ordenanza Fiscal número 1, reguladora do imposto sobre bens inmóveis, que, unha vez introducida a modificación proposta, quedará redactada nos seguintes termos:

“Artigo 1

Utilizando a facultade contida no artigo 73.3 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, o tipo de gravamen do Imposto sobre Bienes Inmóveis aplicable neste municipio queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Artigo 2.- Tipo de gravame.

- 1.- O tipo de gravamen do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,5 por 100 (0,5%).
- 2.- O tipo de gravamen do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,65 por 100 (0,65 %).
- 3.- O tipo de gravamen do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1,30 por 100 (1,30 %).

Artigo 3.- Exencións

- 1.- Estarán exentos do pago do imposto sobre bens inmobles de natureza rústica aqueles que a cota líquida a ingresar non supere os 6,00 euros.
- 2.- Estarán exentos do pago do imposto sobre bens inmobles os centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma ou dos seus organismos ou entidades dependentes, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

Artigo 4.-Bonificacións

Os titulares de familia numerosa desfrutarán dunha bonificación da cota íntegra do IBI que se aplicará segundo o valor catastral do inmovible, conforme a seguinte táboa:

	CATEGORIA GENERAL	CATEGORIA ESPECIAL
De 0 a 60.000 €	60 %	80 %
De 60.000,01€ a 100.000 €	55 %	70 %
De 100.000,01 € a 150.000€	50 %	60 %
De mais de 150.000 €	40 %	50 %

Esta bonificación aplicarase á vivenda que constitúa a residencia habitual da familia, entendéndose como tal aquela en que figure empadroada a maioría dos membros da unidade familiar e, entre eles, polo menos un dos proxenitores e concederase por petición do interesado.

Estas porcentaxes de bonificación aplicaranse ao 50% no suposto de proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida, para cada un dos inmobles da súa titularidade que constitúen a súa residencia habitual.

Os interesados deberán presentar anualmente copia do título de familia numerosa antes do 31 de decembro do ano anterior ao que se pretenda obter a bonificación.

Disposición Derradeira

A presente Ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir da súa aprobación definitiva e continuará en vigor en tanto non se proceda a súa modificación ou derogación expresa.

A aprobación da presente ordenanza levará consigo a derogación expresa de cantas disposicións municipais que afecten ao Imposto sobre Bens Inmobles e contraveñan o disposto no presente articulado."

SEGUNDO.- Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 (trinta) días, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra ao mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.

CUARTO.- O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación."

Intervén o concelleiro Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODEMOS manifestándose a favor da proposta ao tempo que pregunta se a igrexa paga IBI e se pode ter acceso a unha relación de bens da igrexa. sitios no termo municipal. O sr. alcalde contéstalle que lle dará resposta no próximo pleno.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODEMOS di que se lle debería bonificar aos pensionistas.

O sr. alcalde di que por lei non se pode poñer esa bonificación.

Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG felicita ao grupo de goberno pola aportación á ordenanza, desexando que fose máis alto.

Non habendo mais intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 11 [(5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Eulogio Constantino Castiñeira, Don Daniel Mata Martínez e Dona Begoña Gegúndez Allo)

3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar provisoriamente a modificación da Ordenanza Fiscal número 1, reguladora do imposto sobre bens inmobles, que, unha vez introducida a modificación proposta, quedará redactada nos seguintes termos:

“Artigo 1

Utilizando a facultade contida no artigo 73.3 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, o tipo de gravamen do Imposto sobre Bienes Inmobles aplicable neste municipio queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2.- Tipo de gravame.

1.- O tipo de gravamen do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,5 por 100 (0,5%).

2.-O tipo de gravamen do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,65 por 100 (0,65 %).

3.-O tipo de gravamen do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1,30 por 100 (1,30 %).

Artigo 3.- Exencións

1.- Estarán exentos do pago do imposto sobre bens inmobles de natureza rústica aqueles que a cota líquida a ingresar non supere os 6,00 euros.

2.- Estarán exentos do pago do imposto sobre bens inmobles os centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma ou dos seus organismos ou entidades dependentes, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

Artigo 4.-Bonificacións

Os titulares de familia numerosa desfrutarán dunha bonificación da cota íntegra do IBI que se aplicará segundo o valor catastral do inmovible, conforme a seguinte táboa:

	CATEGORIA GENERAL	CATEGORIA ESPECIAL
De 0 a 60.000 €	60 %	80 %
De 60.000,01€ a 100.000 €	55 %	70 %
De 100.000,01 € a 150.000€	50 %	60 %
De mais de 150.000 €	40 %	50 %

Esta bonificación aplicarase á vivenda que constitúa a residencia habitual da familia,



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

entendéndose como tal aquela en que figure empadroada a maioría dos membros da unidade familiar e, entre eles, polo menos un dos proxenitores e concederáse por petición do interesado.

Estas porcentaxes de bonificación aplicaranse ao 50% no suposto de proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida, para cada un dos inmobles da súa titularidade que constitúen a súa residencia habitual.

Os interesados deberán presentar anualmente copia do título de familia numerosa antes do 31 de decembro do ano anterior ao que se pretenda obter a bonificación.

Disposición Derradeira

A presente Ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir da súa aprobación definitiva e continuará en vigor en tanto non se proceda a súa modificación ou derogación expresa.

A aprobación da presente ordenanza levará consigo a derogación expresa de cantas disposicións municipais que afecten ao Imposto sobre Bens Inmobles e contraveñan o disposto no presente articulado.”

SEGUNDO.- Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 (trinta) días, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra ao mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.

CUARTO.- O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación.

Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 14:35 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min a secretaria a presente acta que asina o alcalde; para que, unha vez aprobada a acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.